

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**12818** Orde AAA/2505/2015, do 19 de novembro, pola que se modifican os anexos I, V e VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais.

A Directiva de execución 2014/105/UE da Comisión, do 4 de decembro de 2014, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello, e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, en relación cos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e coas condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas, adapta as ditas normas ás novas directrices e actualizacións das que xa existían da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) e da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

Mediante a presente orde procédeuse á incorporación da Directiva de execución 2014/105/UE da Comisión, do 4 de decembro de 2014, modificando o número 6 dos anexos I, V e VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, unicamente naquelas especies que son obxecto de modificación pola directiva.

Non ten sentido incluír na presente orde as especies sobre as cales non houberse solicitado nin inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, o que non obsta para que no futuro deba terse en conta no caso de que se efectúe unha solicitude de inscrición.

Tampouco se necesita incluír, por se se comercializan en España, variedades dalgún país da Unión Europea, á vista do artigo 33.2 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos. Este precepto establece que as sementes e plantas de viveiro que procedan de Estados membros da Unión Europea e pertencen a especies e categorías reguladas polas directivas comunitarias poderán ser comercializadas libremente, sempre que cumpran todos os requisitos exixidos nestas.

A modificación das especies nos anexos I, V e VII realízase deixando inalteradas as demais especies actualmente existentes no Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais.

O artigo 33.2 do citado regulamento establece que, no que respecta á distinción, estabilidade e homoxeneidade, a realización dos exames oficiais para a admisión de variedades cumprirá as condicións establecidas nos protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade, ditados polo Consello de Administración da OCVV, empregando todos os caracteres varietais que se establecen nos citados protocolos. Pola súa banda, o artigo 33.3 establece que se a citada oficina non estableceu un protocolo para a realización do ensaio de identificación dunha especie concreta, cumpriranse as directrices de exame, en vigor, da UPOV empregando todos os caracteres varietais sinalados cun asterisco que se establecen nas citadas directrices.

Esta orde dítase con base na habilitación normativa contida na disposición derradeira cuarta do Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, que faculta o titular deste departamento para modificar os seus anexos.

Na elaboración da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos I, V e VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

Os anexos I, V e VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, quedan modificados como segue:

Un. No número 6 do anexo I modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás súas especies que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir, que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, de ser o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Triticum durum</i> Desf.	Trigo duro	TP 120/3 do 19.3.2014.

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV ([www.cpvo.europa.eu](http://www.cpvo.europa.eu)).

Dous. No número 6 do anexo V modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás súas especies que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir, que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, de ser o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Linum usitatissimum</i> L.	Liño	TP 57/2 do 19.3.2014.

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV ([www.cpvo.europa.eu](http://www.cpvo.europa.eu)).

Especies que cumpren cos protocolos de exame da UPOV (2):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Papaver somniferum</i> L.	Durmideira	TG/166/4 do 9.4.2014

(2) O texto destas directrices pódese consultarse na web da UPOV ([www.upov.int](http://www.upov.int)).

Tres. No número 6 do anexo VII modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás súas especies que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir, que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, de ser o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV (1):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Cucurbita pepo</i> L.	Cabaciña	TP 119/1 rev. do 19.3.2014
<i>Cichorium endivia</i> L.	Escarola e endivia	TP 118/3 do 19.3.2014
<i>Citrullus lanatus</i> (Thunb.) Matsum. et Nakai	Sandía	TP 142/2 do 19.3.2014
<i>Solanum lycopersicum</i> L. × <i>Solanum habrochaites</i> S. Knapp & D.M. Spooner;	Portaenxertos de tomate	TP 294/1 do 19.3.2014
<i>Solanum lycopersicum</i> L. × <i>Solanum peruvianum</i> (L.) Mill.;		
<i>Solanum lycopersicum</i> L. × <i>Solanum cheesmaniae</i> (L. Ridley) Fosberg		

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV ([www.cpvo.europa.eu](http://www.cpvo.europa.eu)).

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2014/105/UE da Comisión, do 4 de decembro de 2014, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello, e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, en relación cos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e coas condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2016.

Madrid, 19 de novembro de 2015.—A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.